

## ACTA N° 03/2012

### **ACTA DA SESIÓN ORDINARIA, CELEBRADA O DÍA 30 DE MARZO DE 2012.**

#### **ORDE DO DÍA**

- 1º.- Aprobación da acta da sesión anterior.
- 2º.- Resolucions da Alcaldía.
- 3º.- Adopción de acordos sobre inicio de expediente para outorgar o título de fillo adoptivo de Moaña a D. Manuel Anxo Méndez Fraguas.
- 4º.- Dar conta da aprobación definitiva do Regulamento para a creación, modificación e supresión de ficheiros de carácter persoal “axentes de promoción do emprego” do Concello de Moaña.
- 5º.- Dar conta da relación certificada das obrigas pendentes de pago, de acordo co Real Decreto – Lei 4/2012.
- 6.- Aprobación Plan de axuste previsto no Real Decreto-Lei 4/2012.
- 7º.- Moción do grupo municipal do PSG-PSOE sobre as participacións preferentes.
- 8º.- Moción da C.I.G. sobre a reforma laboral.
- 9º.- Moción da Federación de AAVV A Chamusca sobre a área metropolitana de Vigo.
- 10º.- Moción do grupo municipal do PSG-PSOE contra a reforma laboral.
- 11º.- Moción do grupo municipal do BNG de apoio á iniciativa lexislativa popular para a defensa e promoción da sanidade pública en Galiza.
- 12º.- Moción do grupo municipal do BNG sobre execución de obras no vial desde a Masandía á PO 551 (Tirán).
- 13º.-Rogos e preguntas.

Señores asistentes:

Sr. Alcalde:

D. José Ferverza Costas

Srs. Concelleiros:

Dna. Susana Varela Santiago

D. Jorge Santomé Gestido

D. Angel Manuel González Riobó

Dna. María Colomba López Freire

Dna. Rosa Solla Veiga

D. José Freire Cancelas

Dna. María del Carmen Maya Santomé

D. Xosé Manuel Millán Otero

Dna. María Martínez Nogueira

Dna. María Beatriz Riobó Rouco

D. Valentín Piñeiro González

Dna. María Libertad Cruz Couso

D. Daniel Rodas Chapela

Dna. Coral Ríos Santomé

D. Victor Manuel Pastoriza Lino

Dna. Marta Freire Riobó

Na Casa do Concello de Moaña a 30 de marzo do 2012, sendo as 20:05 horas, reúnen os Señores sinalados baixo da presidencia do Sr. Alcalde D. José Ferverza Costas, asistido polo Secretario Xeral do Concello D. Carlos Piñeiro Sarmiento, coa finalidade de celebrar Pleno ordinario, anunciado para o día de hoxe.

O Sr. Alcalde sinala que o Pleno trasladouse a día de hoxe pola Folga Xeral convocada para o xoves 29 de marzo.

### **1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.**

O Sr. Alcalde pregunta se algún Concelleiro quere facer algunha puntualización á acta nº 02/12 correspondente á sesión ordinaria celebrada o día 23 de febreiro de 2012.

Non se suscitan intervencións o Sr. Alcalde somete a votación a a acta 02/12 correspondente á sesión ordinaria celebrada o día 23 de febreiro de 2012, quedando aprobada, por unanimidade dos Concelleiros asistentes.

### **2º.- RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA.**

O Sr. Alcalde pregunta se algún Concelleiro quere preguntar sobre algunha das resolucións aprobadas dende a celebración do anterior pleno ordinario.

Non se suscitan intervencións.

### **3º.- ADOPCIÓN DE ACORDOS SOBRE INICIO DE EXPEDIENTE PARA OUTORGAR O TÍTULO DE FILLO ADOPTIVO DE MOAÑA A D. MANUEL ANXO MÉNDEZ FRAGUAS**

O Sr. Alcalde procede á lectura da proposta ditaminada en Comisión Informativa:

#### **“PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE INICIO DE EXPEDIENTE PARA O NOMEAMENTO DE D. D. MANUEL ANXO MÉNDEZ FRAGUAS COMO FILLO ADOPTIVO DE MOAÑA**

Con data 8 de marzo de 2012 unha comisión de veciños presentou ante esta Alcaldía proposta para o nomeamento como fillo adoptivo de Moaña a D. Manuel Anxo Méndez Fraguas, acompañando relación dos méritos que o avalan para facelo merecente de tal distinción.

*O Regulamento municipal do Concello de Moaña para a concesión de honores e distincións sinala no seu art. 3.1. que o expediente para a concesión de honores poderá incoarse “c) Por solicitude de trescentos/as veciños/as residentes maiores de idade inscritos/as no correspondente Padrón municipal de habitantes”, que no acordo de incoación de expediente deben “expresarse concretamente os feitos ou circunstancias que deban ser obxecto de expediente, a persoa ou entidade que deba ser galardoada e a clase de honor ou distinción que se pretende que lle sexa concedida, con base nos merecementos contraídos para co Concello de Moaña” e así mesmo deberá nomearse “un xuíz instructor e o funcionario ou funcionaria a quen se nomea para o cargo de secretario/a”.*

Tendo en conta que na solicitude presentada pola comisión promotora do nomeamento, na documentación recadada por este Concello e que figura no expediente e nos méritos públicamente recoñecidos que marcan a traxectoria de D. Manuel Anxo Méndez Fraguas, hai elementos abondos para a toma en consideración da distinción, proponse ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes

## ACORDOS:

- 1.- Iniciar expediente para outorgar a D. Manuel Anxo Méndez Fraguas a distinción de fillo adoptivo de Moaña.
- 2.- Nomear ás Concelleiras Dna. María Colomba López Freire, Dna. Marta Freire Riobó e Dna. Coral Ríos Santomé como instrutoras do expediente e a D. Carlos Piñeiro Sarmiento como secretario para a súa tramitación.
- 3.- Unha vez tramitado o expediente de acordo co *Regulamento municipal do Concello de Moaña para a concesión de honores e distincións*, devólvase ao Pleno para a adopción dos acordos correspondentes.”

O Sr. Alcalde pregunta se algún dos Concelleiros quere intervir. Engade que hai unha solicitude de palabra do comité promotor unha vez que se sometan a votación os acordos recollidos na proposta da Alcaldía.

Non se suscitan intervencións polos Concelleiros polo que o Sr. Alcalde somete a votación a proposta da Alcaldía sobre o inicio de expediente para outorgar o título de fillo adoptivo de Moaña a D. Manuel Anxo Méndez Fraguas, aprobándose por unanimidade dos Concelleiros asistentes, cos seguintes acordos:

- 1.- Iniciar expediente para outorgar a D. Manuel Anxo Méndez Fraguas a distinción de fillo adoptivo de Moaña.
- 2.- Nomear ás Concelleiras Dna. María Colomba López Freire, Dna. Marta Freire Riobó e Dna. Coral Ríos Santomé como instrutoras do expediente e a D. Carlos Piñeiro Sarmiento como secretario para a súa tramitación.
- 3.- Unha vez tramitado o expediente de acordo co *Regulamento municipal do Concello de Moaña para a concesión de honores e distincións*, devólvase ao Pleno para a adopción dos acordos correspondentes.

D. Xosé Carlos Villaverde Román, representante da comisión promotora do nomeamento sinala que son un comité acéfalo. Queremos agradecer á Corporación a unanimidade amosada respecto dos acordos adoptados. Manuel Anxo Méndez merece este recoñecemento da súa terra nai. Unha persoa que traballou en distintos ámbitos sociais, profesionais e colexiais. Moaña debe recoñecelo como fillo noso pola labor que leva feito. Brindamos a nosa colaboración á comisión de traballo que se constituía.

## **4º.- DAR CONTA DA APROBACIÓN DEFINIVA DO REGULAMENTO PARA A CREACIÓN, MODIFICACIÓN E SUPRESIÓN DE FICHEIROS DE CARÁCTER PERSOAL “AXENTES DE PROMOCIÓN DE EMPREGO” DO CONCELLO DE MOAÑA.**

O Sr. Alcalde informa que o Pleno da Corporación en sesión ordinaria que tivo lugar o día 29 de decembro de 2011, adoptou acordo polo que se aprobou inicialmente o Regulamento para a creación, modificación e supresión de ficheiros de carácter persoal “axentes de promoción do emprego” do Concello de Moaña. No período de exposición pública non se presentaron reclamacións polo que, de acordo ca normativa vixente, o acordo adoptado polo Pleno foi elevado a definitivo. Finalmente e para a súa entrada en vigor procedeuse a súa publicación no

Boletín Oficial da Provincia do 12 de marzo de 2012. Agora dase conta neste Pleno da súa aprobación definitiva e a súa entrada en vigor.

**5º.- DAR CONTA DA RELACIÓN CERTIFICADA DAS OBRIGAS PENDENTES DE PAGO, DE ACORDO CO REAL DECRETO-LEI 4/2012.**

O Sr. Alcalde informa que se presentaron tres mil oitocentas facturas por importe acumulado aproximado de tres millóns oitocentos mil euros.

**6º.- APROBACIÓN DO PLAN DE AXUSTE PREVISTO NO REAL DECRETO-LEI 4/2012.**

O Sr. Alcalde, procede á lectura da proposta:

**“PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PLAN DE AXUSTE**

Visto que con data 28 de marzo de 2012 se elaborou por esta Corporación Local (de acordo coa súa potestade de autoorganización) o presente Plan de Axuste.

Visto que con fecha 29 de marzo de 2012, o citado plan foi informado favorablemente pola Intervención municipal.

Examinada la documentación que a acompaña e de acuerdo coa mesma, e de conformidade co establecido no artigo 7 do Real Decreto-lei 4/2012, de 24 de febreiro, polo que se determinan as obrigas de información e procedementos necesarios para establecer un mecanismo de financiación para o pago aos provedores das entidades locais, e a Disposición Adicional Terceira do Real Decreto-lei 7/2012, de 9 de marzo, polo que se crea o Fondo para a financiación dos pagos a provedores, proponse o Pleno a adopción do seguinte

**ACORDO**

**PRIMEIRO.** Aprobar o presente Plan de Axuste, cuxo contido cumpre cos requisitos previstos no artigo 7 do Real Decreto-lei 4/2012, de 24 de febreiro, polo que se determinan as obrigas de información e procedementos necesarios para establecer un mecanismo de financiación para o pago aos provedores das entidades locais.

**SEGUNDO.** Remitir o presente Plan de Axuste, o día seguinte da súa aprobación polo pleno o órgano competente do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, por vía telemática e con firma electrónica.”

Engade o Sr. Alcalde que quere agradecer aos Departamentos de Intervención e Tesourería polo traballo realizado en tempo record e poder adaptalo ao Decreto-Lei e para poñer en orde as contas. Enviáronse as obrigas pendentes de pago. O Plan de axuste debe ser aprobado en Pleno. En trinta días, o Goberno do Estado deberá pronunciarse respecto da súa aceptación.

O Sr. Millán, Voceiro do BNG, di que convén retomar as palabras do Alcalde respecto ao de poñer en orde as Contas. Está ben agradecer os traballos dos funcionarios, pero que ninguén pense que houbo desorde nas Contas. O Goberno Municipal debería ter remitido a Conta Xeral e aínda non se fixo, cun retraso de cinco meses, a data límite de remisión era o 1 de outubro de 2011. As únicas Contas que puideran estar desordenadas sería responsabilidade do Goberno actual. As anteriores estaban ordenadas. Temos que felicitalo polo esforzo na redución das

débedas. En maio de 2011, segundo o Sr. Alcalde debíamos vintedous millóns e medio de euros. O entón candidato do PP foino dicindo por megafonía por todo o Concello. Despois tranquilizounos. En setembro en vez de vintedous millóns e medio de euros pasamos a deber dezasete millóns e medio de euros. Por último, no momento de facer os pagos solo foron catro millóns seiscientos mil euros. Se ademais, temos en conta que deses catro millóns seiscientos mil euros, un millón seiscientos mil corresponden a facturas impagadas ao peche dos orzamentos do 2011 e douscentos mil euros son facturas non contabilizadas a 31 de decembro, dous millóns cincocentos mil euros foron facturas que se coleccionaron no 2011 e a redución de débeda no prazo de sete meses merece unha cálida felicitación. Simplemente queda engadir que someten á nosa consideración un plan de axuste que non é tal. Xa lle gustaría a De Guindos dicir que presentaba un plan de axuste pedindo que se devolvesen os teléfonos móbiles, os ordenadores portátiles... e que con iso ía arreglarse o problema. É a única proposta novedosa que presenta este Plan respecto do Plan do 2009. No mes de xullo aprobouse a redución do soldo do Alcalde, única contribución que se podía facer á economía de Moaña para os próximos dez anos, e agora, o de entregar os teléfonos móbiles. Quedo contento de que a Concelleira de Urbanismo poida entregar o teléfono móbil que usei cando era Alcalde. Xa non me chamará ninguén a ese móbil. Pero alomenos, déixenlle o móbil ao Concelleiro de Servizos para poder falar co Capataz. Con esas contribución na redución de gastos en soldo do Alcalde e en móbiles, en douscentos anos terase devolto o crédito. Polo demais, o Plan de axuste non presenta ningunha outra novidade. Non hai practicamente nada que debater. Non é Plan de Axuste, é coller o Plan de Saneamento do 2009 e cambiarlle o título, actualizando as anualidades. Polo demais, o que ven dicir a letra é que non teñen ningunha idea que estampar na proposta, nin para reducir gastos nin para incrementar ingresos. Son as mesmas magnitudes, números e propostas presentados en xuño do 2009. ¿Cal é a proposta novidosa?. Seguirán a facer o mesmo. Non é que o Plan sexa novidoso ou propoña medidas novidosas. O caso é que as medidas propostas non van aplicalas. Non creo que ca devolución dos móbiles se arregle nada. Nego que se vaian suprimir sete salarios porque non se pode facer. Deixar que se extingan sete salarios sen remplazar aos traballadores cando se acaba de contratar a unha limpadora para o colexio da Seara. Como cando se xubile o conserxe da pavillón de Domaio non van deixar o pavillón sen abrir. Ou cando se xubile un funcionario do Departamento de Urbanismo, deberán substituílo por alguén. Ou limpadoras ou persoal de Servizos. O que van facer é deteriorar as condicións laborais cambiando persoal fixo por persoal eventual. Falan dos seis postos de traballo da OPEP do 2008 e atrévense a dicir que non se van sacar. Di que a conserxe, funcionaria interina de Información vai estar así ata a xubilación. Como ocorre ca funcionaria interina da Secretaría ou os postos de policía. Iso é o que di o Plan de Saneamento, que obrigaría a pechar servizos municipais, creando situacións de interinidade e pechando as escasas posibilidade de consolidación de postos de traballo no Concello. O Plan de Saneamento que propoñen saben que non se vai cumprir. O Alcalde dixo que non se ían subir impostos. ¿Cómo agora nos di que van revisar co IPC as taxas deste ano?. Non o vai facer. O Plan de Saneamento do 2009 non se puido cumprir. Non se puido actualizar o imposto de vehículos que figuraba naquel Plan. Vostede non se vai atrever a traer a modificación da ordenanza fiscal. Vai resolver o problema reduncido o soldo do Alcalde e cos teléfonos móbiles. Non sei se lembrar o do crédito dos setecentos mil euros. Falaban da fin do Concello se non se aprobaba o crédito ICO. Tres ou catro grandes provedores e o Alcalde montaron un espectáculo bochornoso. Había outros concellos con máis problemas económicos que Moaña e que non se acolleron a aquel plan, que era lesivo. Agora presentan este pero sen acompañalo do necesario Orzamento municipal, que non van presentar. A devolución do crédito suporá unha irregularidade con unha dedución de fondos detraídos dos ingresos do Estado. Entre o 2011 e o 2013 douscentos mil euros anuais para pagar xuros. Non poderán contabilizar por falta de crédito. Dende abril do 2013 ao 2015, oitocentos cincuenta mil euros de devolución de xuros que tampouco van poder

contabilizar cunha agravante, o último ano e medio antes do 2015 non poderán nin contabilizalo non terán liquidez para pagalo. Un millón cento cincuenta mil euros de novos impagados. Por moitas contas que inventen, a única medida real é que en novembro do 2015 remata de pagar a débeda ca Seguridade Social. Serán douscentos cincuenta mil euros para facer fronte a eses pagos. O plan de axuste é papel mollado. Sabendo que ese documento se esixe administrativamente no que non cren non se vai levar a cabo. Unha das cuestións que plantexaba o plan de saneamento era a adxudicación dos contratos por lotes, servizos, subministros durante dous e catro anos. Con esa medida poderían reducir o que van pagar a provedores, que en moitos casos seguen facturando o dobre do que debería cobrar. Iso podería reducir o gasto corrente. ¿Saben cantos contratos adxudicou este Goberno, contratos con pregos, con estudo económico...?. En dez meses, un. Multipliquen por catro anos de lexislatura, a este paso darán cinco contratos cun pouco de sorte. E no contrato adxudicado, o Camiño da Casanova, as obras levan un retraso de cinco meses. ¿E vostedes van ser capaces de aplicar este Plan?. Pouca credibilidade teñen. O BNG de ningunha maneira pode darlle o visto bo. Sen convencemento, sen ideas e cunha eiva, non saben cómo van contabilizalo. Esta medida do Goberno do Estado vai provocar un tremendo caos contable en moitísimos concellos e especialmente neste cun Goberno en minoría que é incapaz de pactar con ninguén.

O Sr. Alcalde afirma que a Conta Xeral se enviou telematicamente. Cando afirmou o de poñer orde nas contas referíame ao traballo realizado para obter os datos da liquidación.

O Sr. Pastoriza, Voceiro do PSG-PSOE, sinala que o actual Goberno Municipal gobernaron no 2011 cos mesmos Orzamentos cos que gobernou o Goberno anterior. E o mesmo no 2012, cuns Orzamentos que o Sr. Alcalde rachou cando estaba na oposición. Trae a Pleno agora un Plan de Axuste, que é o mesmo que trouxemos nós con tres ou catro retoques. O que se sumprime son os móbiles dos membros do Goberno, non os da Corporación. Será un aforro moi importante. Di que o previsto incremento do IBI, aprobado polo anterior Goberno con moito esforzo, unido ao fin do pago da débeda ca Seguridade Social, permitirá devolver os cartos. Unha medida “brillante” do Goberno de Rajoy. Pensei que o Goberno ía acudir a salvar aos concellos, atribuíndolles novas competencias co seu financiamento. Entendíamos que era o momento para reordenar as competencias. Votamos en falta no Plan de Axuste que dixera claramente que o Concello asume os gastos nos servizos sobre os que ten control. Que cada santo aguante a súa vela. Non se lle pode esixir aos concellos, como se está a facer, que pague por gastos sobre os que non pode aplicar medidas de control. Haberá que determinar qué parte dos gastos debemos asumir nós e que parte os usuarios do servizo. Hai servizos que non temos por qué pagar entre todos. O Concello poderá poñer medios pero cada cual deberá facerse cargo do que corresponda. Servizo público non significa servizo gratuito. Hai un modelo que nos gusta. O modelo da piscina, que hai que exportar a outras áreas. O Concello aportou os terreos, a Xunta de Galicia construíu a piscina e a concesionaria, a cambio de un prezo presta un servizo. No documento que se presenta a aprobación hai un montón de indefinicións. Debe dicir especificamente que quita os móbiles aos membros do Goberno Municipal. Di que vansen reducir gastos en Cultura, Deporte e Turismo, pero estes departamentos xa contan con uns importes ridículos, non sei de onde van descontar. Fiar todo á amortización das prazas do persoal que se xubila é unha utopía. Contratar a un traballador eventual en Estatística, con cuestións importantes como a de acadaros vinte mil habitantes ou no Departamento de Urbanismo... Hai postos na organización municipal que requiren estabilidade. O PSOE non vai poñer obstáculos para que saquen adiante este Plan, aínda que non o van cumprir. Vansen pagar gastos sen recoñecer.

O Concelleiro Delegado de Facenda, Sr. Freire, di que Millán fala de vinteun millóns de euro que agoa son dous. Pero nin conta ca débeda con Sogama, nin cas entidades bancarias, ni ca Seguride Social. Vostede, Sr Millán incumpriu practicamente todo o Plan de Saneamento. Falou de reducir cada ano douscentos mil euros en persoal. ¿Onde están?. Falaba de reducir gastos, de

incrementar ingresos... ¿Onde está todo iso?. No 2010 deberon coller un ano sabático para facer os orzamentos.

O Sr. Millán demanda unha cuestión de orde se ninguén vai defender o Plan de Axuste. O Concelleiro de Facenda non di nada. ¿A quen quere que responda?. ¿Ninguén vai defender o Plan?. ¿Así se discuten as cousas?. É de unha anormalidade absoluta. Resérvome a posibilidade de contrarréplica cando vostedes digan o que lles pareza. Aquí non se sacan as cousas pola calada, como se fixo co Plan de Saneamento. Entregouse o luns pasado, pero ca posibilidade de cambialo. Non se discutiu nada. O Goberno Municipal vai tan sobrado de votos que chegan ao Pleno a decirnos que se queremos podemos apoiálo e se non tamén. O Goberno non está disposto a discutilo. ¿Este é o procedemento co que pensan levar a política económica?. Dado que o único que opoñen son os argumentos que espuxo o Concelleiro de Facenda, en oito meses de goberno foron capaces de pasar de tres mil douscentos parados a tres mil seiscentos. Leva unha liña de éxito fantástica. Falaban da débeda extraordinaria que tiña o Concello con pequenos provedores que os tiña arruinados. Reduciron a débeda en catro millóns de euros. É para quitare o sombreiro. Cando estamos a devolver o crédito que o PP pediu no 2003. Se queren discutímolos despois. A xestión económica no 2011 non foi todo o correcta que debía selo. ¿Que o Plan de Saneamento non se puido levar a cabo na súa integridade?. De acordo, pero recoñeza que o Plan de Saneamento era correcto e nos permite pagar o préstamo que imos pedir. No Concello hai unha posibilidade pequena de reducir gasto e aínda máis pequena de incrementar os ingresos. A liña dos últimos anos foi correcta. Dígano e gañarán credibilidade, o demais é adorno. Digán que en minoría o PP non pode gobernar en Moaña nin levar a xestión económica. Busquen unha política de acordos. Sen ter un mínimo de nove Concelleiros solo van poder pagar nóminas. Fagan un exercizo de humildade.

O Sr. Pastoriza sinala que o martes o Goberno presentou o borrador do Plan. Logo achegaron outro incluíndo o Patronato Beiramar. Non sei qué aforro poden acometer alí. Se se gasta cero non se pode aforrar. Dende a súa creación, o Patronato Beiramar foi un ente modélico á hora de captar cursos de formación, obradoiros de emprego... e levaban un salario moi importante para un bo número de familias. Hai pouco a Delegada da Xunta pediu que agardasen a que un Alcalde limítrof fixese unha proposta conxunta de obradoiro, cando Moaña ten capacidade entidade suficiente para asumilo por si solo. Voto en falta no documento que agora se presenta a aprobación non se faga o máis mínimo guiño para facilitar un repunte na actividade económica.

Rematadas as intervencións sométese a votación a proposta ditaminada en Comisión de aprobación do Plan de axuste, quedando aprobado por oito votos a favor, dos Concelleiros do PP, e nove abstencións, sete dos Concelleiros do BNG e dous dos Concelleiros do PSG-PSOE, cos seguintes acordos:

**PRIMEIRO.** Aprobar o presente Plan de Axuste, cuxo contido cumpre cos requisitos previstos no artigo 7 do Real Decreto-lei 4/2012, de 24 de febreiro, polo que se determinan as obrigas de información e procedementos necesarios para establecer un mecanismo de financiación para o pago aos provedores das entidades locais.

**SEGUNDO.** Remitir o presente Plan de Axuste, o día seguinte da súa aprobación polo pleno o órgano competente do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, por vía telemática e con firma electrónica.

O Sr. Millán pide unha explicación de voto: O BNG non aprobaría este Plan de Axuste pero hai unha cousa certa que dixo o Concelleiro, que o pago a provedores vaise aplicar de algunha maneira. A non aprobación do Plan implicaría que o caos se puxese en práctica xa, o que aínda sería peor para o Concello. A opción do BNG foi, de acordo ca responsabilidade, permitir, na parte que toca, a aprobación do Plan, advertindo dos perigos que conleva e dos riscos nas devolucións que vai esixir, e a nosa abstención non suporá a aprobación cega das medidas que

se inclúen no Plan e a redución de persoal municipal. Sábeo ben o Concelleiro de Servizos que acaba de contratar a un electricista e a un carpinteiro. Sorte no seu cumprimento.

## **7º.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSG-PSOE SOBRE AS PARTICIPACIÓNS PREFERENTES.**

O Sr. Pastoriza, Voceiro do PSG-PSOE, sinala que se trata de unha moción consensuada entre os tres Grupos. Onde di PSOE debe dicir a Corporación de Moaña. De todos é coñecida a situación dos aforradores atrapados no “corralito” de Novagalicia Banco. Dende a Xunta mándanse noticias en positivo. Este triste episodio tivo un importante acto cando logo de que o Parlamento de Galicia instara a Novagalicia Banco a que transformasen estas participacións en un produto de maior liquidez, o Presidente da Xunta de Galicia propuxo un arbitrio. En Castellón hai un aeroporto sen avións e en Galicia temos un banco sen cartos. Unicamente vou ler os acordos incluídos na moción:

1. Dirixirse ao Banco de España e a Comisión Nacional do Mercado de Valores para que nun prazo non superior a un mes, autoricen as propostas que realicen as entidades financeiras galegas, nomeadamente NGB, de troco de participacións preferentes por depósitos de prazo fixo, permitindo con elo que os afectados por este tipo de produtos perpetuos poidan acceder os seus aforros nun prazo limitado de tempo.
2. Dirixirse a Comisión Europea ou a calquera outro organismo da Unión Europea que teña atribuídas competencias de vixilancia, supervisión e control sobre os cartos prestados polo FROB a NGB, para que preste as autorizacións precisas para trocar as preferentes por depósitos a prazo fixo.

Engade o Sr. Pastoriza que a moción ven motivada pola declaración do Presidente da Xunta.

O Sr. Alcalde di que está de acordo ca moción. Houbo un abuso con moitos afectados enganados. Habendo acordo no Parlamento, dende o Concello asumimos os acordos que tomamos e asesoramos aos veciños na medida que podemos. Agardemos que isto se resolva. No Goberno de España está o Sr. Ordoñez e en Bruselas está o Sr. Almunia tamén para axudar. Que se arregle o problema e lles devolvan uns cartos tan necesarios para estas familias de afectados. Que se lles poida remediar.

O Sr. Pastoriza afirma, ao fin da moción, que se vai crear un punto de información comarcal en Cangas. Haberá que ver si eso afecta de algunha maneira ao que está a traballar dende este Concello.

O Sr. Alcalde di que o acordo que se aprobou neste Pleno foi que a persoa da Oficina de Consumo atenda tres días á semana. Haberá que sentar aos Voceiros para valorar o tema.

O Sr. Pastoriza pregunta se a Xunta de Galicia arbitrou un procedemento para tramitar as reclamacións.

O Sr. Alcalde sinala que, en calquera caso, entende que debe manter o servizo do Concello axudando no que se poida.

Non hai máis intervencións e o Sr. Alcalde somete a votación a moción do Grupo Municipal do PSG-PSOE sobre as participacións preferentes, e queda aprobada por unanimidade dos asistentes, cos seguinte texto e acordos:

**“O Grupo Municipal Socialista**, en base ao disposto nos artigos 91.4 e 97.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das entidades locais e demais normativa que poida resultar de aplicación, presenta, diante do Pleno da Corporación esta **MOCIÓN**, en base a seguinte



## EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Na rolda de prensa posterior o Consello da Xunta de Galicia do día 16 de marzo, o Sr. Presidente da Xunta de Galicia, anunciaba de xeito solemne unha solución para a fraude das participacións preferentes, consistente nin máis nin menos, que na submisión das partes, afectados e entidades financeiras, a un laudo arbitral.

Efectivamente a arbitrase é un instrumento de resolución extraxudicial de conflitos previsto no ordenamento xurídico, mesmamente na lexislación en materia de consumo. Sen embargo, a adhesión a arbitrase non é obrigatoria para as entidades financeiras nin para os afectados, polo tanto a proposta que se fai polo Sr. Núñez Feijóo non deixa de ser un “brindes o sol”.

Neste senso, a maiores, o Sr. Feijóo, anunciaba que a resolución do conflito a través dun laudo arbitral requiriría a aprobación non só das dúas partes contrapostas, afectados e entidades financeiras, senón tamén do Banco de España, da Comisión Nacional do Mercado de Valores e da propia Comisión Europea, para aquelas entidades, caso de NOVAGALICIABANCO, que teñan recibido cartos públicos do FROB.

Con esta solución “ innovadora” , segundo o Sr. Núñez Feijóo, se pretendería dar cumprimento o mandato unánime dos tres grupos políticos presentes no Parlamento de Galicia para a busca dunha solución a fraude masiva das Preferentes.

A realidade, dende calquera punto de análise, é que a solución ofertada polo Sr. presidente da Xunta de Galicia non só é inviable senón que carece do máis mínimo rigor, manifesta a lixeireza con que a máxima autoridade de Galicia trata estes temas e contribúe a xerar, aínda máis, confusión nos milleiros de afectados, que a día de hoxe ignoran que vai a ser dos seus aforros.

En Galicia, segundo datos das asociacións de consumidores, habería máis de cen mil afectados pola comercialización das preferentes, a inmensa maioría clientes das extintas Caixas de Aforro galegas, hoxe integradas en NovaGalicia Banco, entidade que precisamente ten recibido do FROB o 93% do seu capital social, sobre dous mil cincocentos millóns de euros.

Do mesmo xeito, a diferenza das Caixas (hoxe NGB), a maioría das entidades bancarias radicadas en Galicia teñen ofertado algún tipo de solución o tema das Preferentes, mediante troco das mesmas por outro tipo de produtos con liquidez no mercado (accións, bonos convertibles,... etc).

Mesmamente, no ámbito do estado español, outras entidades teñen ofertado troco de participacións preferentes por depósitos a un prazo fixo, garantindo, polo tanto, a devolución dos aforros nun prazo razoable de tempo.

Igualmente responsables de Novagaliciabanco, entidade que aglutina a inmensa maioría dos afectados galegos, teñen manifestado publicamente que están a traballar na solución do problema, mediante a articulación dun troco das preferentes por depósitos líquidos, si ben esta solución necesitaría o aval do regulador (CNMV e Banco de España).

O Grupo Municipal dos Socialistas de Galicia é consciente de que a pervivencia futura de NGB depende da aparición de inversores que recompre as participacións públicas do FROB, pero tamén de que se restaure a confianza na entidade, hoxe resquebraxada, mediante a devolución dos cartos a todos os afectados pola venda de preferentes e outros produtos tóxicos.

Cientes estafados, que polo seu perfil aforrador son precisamente os que contribuíron a levantar o sistema de Caixas en Galicia.

Conscientes de que este Pleno Municipal poida amosar unanimidade na hora de buscar solucións, sabemos que estas non poden quedar limitadas a ridículas e inviables propostas que ate de agora se fan dende o Goberno Galego.

A única solución que NGB debe ofertar, por ser a única viable, é devolver integramente os cartos mediante un troco das participacións preferentes por depósitos líquidos suxeitos a prazo fixo e determinado no tempo.

Diante desta situación, o Grupo Municipal dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte **MOCIÓN** para o seu debate en Pleno:

**O Pleno do Concello de Moaña insta á Xunta de Galicia a:**

**1. Dirixirse ao Banco de España e a Comisión Nacional do Mercado de Valores para que nun prazo non superior a un mes, autoricen as propostas que realicen as entidades financeiras galegas, nomeadamente NGB, de troco de participacións preferentes por depósitos de prazo fixo, permitindo con elo que os afectados por este tipo de produtos perpetuos poidan acceder os seus aforros nun prazo limitado de tempo.**

**2. Dirixirse a Comisión Europea ou a calquera outro organismo da Unión Europea que teña atribuídas competencias de vixilancia, supervisión e control sobre os cartos prestados polo FROB a NGB, para que preste as autorizacións precisas para trocar as preferentes por depósitos a prazo fixo.”**

#### **8º.- MOCIÓN DA C.I.G. SOBRE A REFORMA LABORAL.**

O Sr. Xesús García Couso, Secretario Comarcal da C.I.G. afirma que a moción viña dada pola reforma laboral aprobada polo Goberno do Estado e pola convocatoria da Folga Xeral de onte. Valoramos a coincidencia ca folga pero, en calquera caso, imos manter o segundo punto da moción, de apoio á folga. O 11 de febreiro saíu publicado no BOE a cincuenta e dúas reforma laboral do período democrático. A desculpa era a rixidez do mercado laboral. O ano pasado ese mercado permitiu facer dezaseis millóns de contratos. Tamén se achacaba que carecíamos de competitividade polos nosos salarios altos. A este respecto podemos dicir que en todo o Estado, no País Vasco, cos salarios máis altos teñen un 12% de paro. En Galicia e Canarias, un 30%. Iso motiva que aquí as pensións sexan un 20% máis baixas. Tan rixido era o noso mercado laboral que a relación entre beneficio empresarial e PIB incrementouse un 70%.

A continuación o Sr. García procede a dar lectura a moción:

#### **“AO PLENO DO EXCMO. CONCELLO DE MOAÑA A TODOS OS GRUPOS POLÍTICOS CON REPRESENTACIÓN MUNICIPAL**

O Concello de Moaña atravesará unha situación dramática por mor dos efectos sociais da presente crise sistémica do capitalismo neoliberal. A taxa de desemprego récord, que xa atinxe a 2.632 persoas, as familias que carecen dunha fonte estábel de ingresos e que fican en patente risco de exclusión, a elevadísima precariedade laboral -por mor da temporalidade e salarios de miseria-, e a grave queda produtiva, con sectores enteiros en claro retroceso, cando non a piques de esmorecer (caso do sector naval), describen unha situación de obxectiva emerxencia social.

Situación que ten sido agravada nos últimos anos por sucesivas contrarreformas, e pactos sociais, que profundaron na perda de dereitos sociais, no empobrecemento de pensións e salarios, na maior precarización das condicións de traballo, e que sistematicamente resultaron en máis e máis desemprego, engadindo graves dificultades para a propia subsistencia material da maioría social.

Ao tempo que se forzaba, mesmo por decreto, a que as clases populares, e nomeadamente as e os traballadores, se tivesen que apertar unha e outra vez o cinto até case a asfixia, as políticas dos últimos gobernos centrais, en mans do PSOE e PP, teimaron en seguir a engordar a minoría máis poderosa, entregando inxentes cantidades de diñeiro público á banca privada especulativa e beneficiando os intereses da grande oligarquía empresarial, seguindo os ditados neoliberais da UE, o BCE e o FMI.

Nestes últimos anos agudizouse até niveis infames a apropiación polo grande capital, nomeadamente o especulativo, da riqueza xerada polo traballo. Malia que as e os asalariados representan a maioría absoluta da nosa sociedade, o peso das súas rendas é menor que as do capital, poñendo de manifesto o reiterado saqueo que dende hai moitos anos denunciámos desde o sindicalismo nacionalista e de clase.

Nas últimas semanas o Goberno Central, presidido por Mariano Rajoy, vén de aprobar por decreto unha nova reforma laboral. Esta nova reforma insiste no abaratamento, até case a gratuidade, do despedimento, na perda de poder adquisitivo das e dos traballadores, na desregulación do mundo do traballo e pretende dinamitar, definitivamente, a negociación colectiva, facilitando o descolgue de convenios e a modificación unilateral, por parte das empresas, das condicións de traballo. Alén de conculcar dereitos fundamentais da clase traballadora, conquistados mediante a loita ao longo dos anos, esta reforma non só non servirá para saír da crise, senón que profundará nela.

A redución do poder de compra, mediante o empobrecemento continuado dos salarios, e a inestabilidade resultante dun mercado laboral absolutamente precarizado, provocará unha durísima contracción do consumo interno, cerne fundamental da subsistencia do tecido produtivo e comercial do noso pobo, comarca e país. A minoración do consumo provocará, xa que logo, unha maior queda produtiva e o peche de empresas e negocios, o que á súa vez resultará en máis desemprego, nunha espiral que colocará a maioría social nunha situación límite.

Fronte a estes continuados ataques e agresións aos seus dereitos, a clase traballadora ten reaxido con importantes procesos mobilizadores. As exitosas folgas xerais do pasado 29 de setembro de 2010 e do 27 de xaneiro de 2011, as marchas e masivas manifestacións en defensa do emprego e dos sectores produtivos (naval, automoción...) ou as recentes mobilizacións contra esta última reforma laboral, demostran a fartura social fronte tanto saqueo.

Dende a Confederación Intersindical Galega, primeira forza sindical na comarca do Morrazo, na de Vigo e no conxunto da provincia de Pontevedra, vimos de convocar unha Folga Xeral en Galiza como resposta a esta nova agresión e co propósito de impedir que a reforma decretada finalmente se aplique. Unha convocatoria que responde ao clamor social que urxe unha resposta clara e firme, e que dende a CIG fixemos extensiva a todas as organizacións sindicais na procura da maior unidade de acción da clase traballadora.

Por todo o exposto, a Unión Local do Morrazo da Confederación Sindical Galega (CIG), insta ao Pleno do Concello de Moaña, e a todas as forzas políticas con representación municipal a:

Rexeitar a reforma laboral aprobada por decreto o pasado 10 de febreiro, por supoñer o máis grave ataque aos dereitos sociais, laborais e económicos da maioría social dos últimos 30 anos.

Manifestar o seu apoio a Folga Xeral do pasado 29 de marzo.

O Sr. Pastoriza, Voceiro do PSG-PSOE, sinala que o seu Grupo tamén presenta unha moción sobre a reforma laboral. Aínda que os partidos somos expertos en pegarnos tiros, o PSOE non pode apoiar a quen lle pega os tiros. Estamos en case que todo de acordo con esta moción, pero non na referencia que se fai ao PSOE na exposición da moción determina que nos absteñamos.

A Sra. Varela, Concelleira do PP, afirma que desde o inicio da crise, en España, destruíronse 2,7 millóns de empregos -a metade de todo o emprego destruído na UE- moitos a través de Expedientes de Regulación de Emprego. O obxectivo da reforma laboral é que as empresas poidan manter a súa actividade e os traballadores o seu emprego a través de mecanismos de

flexibilidade interna para que o despedimento sexa o último recurso en situacións de crises económicas ou de redución da demanda. Esta reforma laboral: Impulsa a contratación indefinida e fixa as bases para crear emprego estable e de calidade, da ferramentas a traballadores e empresarios para que o despedimento sexa a última opción, non facilita o despedimento, senón que trata de objetivar as súas causas para que non haxa inseguridade xurídica, pretende contribuír a frear a senda de destrución de emprego dos últimos anos. ¿Esta reforma limita os dereitos dos traballadores?. A reforma non limita ningún dereito, senón que profundiza no dereito máis importante de todos que é o dereito ao traballo recollido no artigo 35 da Constitución Española. Ademais, crea un novo dereito, o dereito á formación, para mellorar as posibilidades de ser contratado: O obxectivo é tratar de evitar que un cambio tecnolóxico ou doutro tipo supoña o despedimento, así como fortalecer a preparación profesional dos traballadores, introdúcese o dereito de traballadores con máis dun ano de antigüidade a un permiso retribuído de 20 horas anuais de formación, créase unha conta formación na que se recollerá a formación recibida polo traballador ao longo da súa vida activa. E, sobre todo, dá máis liberdade a empresarios e traballadores para buscar mecanismos de flexibilidade que favorezan o mantemento do emprego. ¿Esta reforma non contribuír de xeito directo a xerar emprego?. Os autónomos, os emprendedores e as empresas son as que crean emprego. Por iso, o obxectivo último da reforma é establecer un marco normativo adecuado que facilite a creación de emprego estable e de calidade cando España recupere a senda de crecemento económico. A reforma é necesaria, pero non suficiente e, por iso, en 50 días o Goberno fixo ademais: A lei de Estabilidade Orzamentaria para que non se gaste máis do que se ingresa e volver ao equilibrio nas contas públicas. Unha reforma financeira para que volva o crédito e a liquidez ás empresas e as familias. É a reforma laboral. ¿Esta reforma está feita para atacar os dereitos dos traballadores e reforzar os poderes de dirección da empresa?. A prioridade deste Goberno é o emprego e con esta reforma non perde ninguén. A reforma baséase no principio de negociación e acordo entre traballadores e empresarios para que poidan acomodar as súas relacións laborais á realidade da empresa e da situación económica. Un dos obxectivos da reforma é sumar os esforzos de todos aqueles que poden colaborar na procura dun posto de traballo. Con esta reforma: gañan todos os traballadores, porque a reforma busca a estabilidade no emprego, gañan as persoas en situación de desemprego, que van ter máis oportunidades. gañan os mozos e as pemes, que van ter un contrato á medida do seu tamaño, gañamos todos en transparencia e seguridade xurídica nas relacións laborais. ¿Esta reforma abarata o despido?. Esta reforma dá mecanismos a traballadores e empresarios para que o despedimento sexa o último recurso. A reforma xeneraliza a indemnización de 33 días do contrato para o fomento do emprego, que foi pactado en 1997 polos axentes sociais, e clarifica e obxectiva as causas do despedimento procedente de 20 días que xa existía e que, por tanto, non foi creado por esta reforma. É unha reforma en liña con Europa que dá maior transparencia e seguridade xurídica ás relacións laborais no noso país. Respecta os dereitos adquiridos dos traballadores: para os contratos antigos, a nova indemnización só será de aplicación para o período de traballo que se realice a partir da aprobación da presente norma. En definitiva, a gran transformación da reforma é permitir ás empresas maior flexibilidade para que poidan axustarse ás situacións económicas adversas e que o despedimento sexa o último recurso. ¿Qué supón a flexibilidade na empresa? Máis flexibilidade na empresa significa que cando haxa situacións económicas adversas, o empresario e os traballadores poderán modular as condicións da súa relación laboral para axustarse mellor ás necesidades do momento e evitar o mecanismo do despedimento: adaptación de funcións, distribución da xornada, etc. Esta flexibilidade maior vai dar moita máis seguridade a empresarios e traballadores para que de verdade o despedimento pase a ser o último recurso. Polo que se refire á moderación salarial, os axentes sociais alcanzaron un acordo de moderación salarial que o goberno viu cunha enorme satisfacción porque responde á situación actual que atravesamos a economía española. ¿Esta reforma facilita os eres? Mantense o

procedemento articulado ata a data nos Expedientes de Regulación de Emprego pero se deben ter en conta tres aspectos: Elimínase a autorización Administrativa previa, que só existía en España e en Grecia, e mantense a obrigação de comunicación á autoridade laboral. Se non hai acordo, os traballadores ou os seus representantes sempre poderán acudir á vía xudicial, como ata a data. Obrígase ás empresas a establecer e financiar un plan de recolocación externa cando o despedimento afecte a máis de 50 traballadores . Éste é o aspecto máis novidoso. ¿Qué novidades conleva o contrato de traballo por tempo indefinido de apoio aos emprendedores? Este contrato o que fomenta é o emprego estable e indefinido e está destinado ás PEMES de menos de 50 traballadores e aos autónomos. Neste tipo de contrato aplícanse os seguintes incentivos fiscais: se contratan a un mozo menor de 30 anos terán unha dedución fiscal de 3.000 euros durante 1 ano, adicionalmente, se é un desempleado, poderá deducirse o 50% da prestación de desemprego dese traballador durante un ano e, ademais, permitiralle ao traballador seguir cobrando o 25% da súa prestación por desemprego (mentres siga tendo dereito a ela). Asimesmo, no suposto de contratar desempregados inscritos na Oficina de Emprego a empresa terá dereito ás seguintes bonificacións da Seguridade Social: se contrata mozos (ata 30 anos), poderanse bonificar ata 3.300 euros durante 3 anos (en total, é dicir, 1000 euros o primeiro ano, 1.100 o segundo e 1.200 o terceiro), se son mulleres, 3.600 euros durante tres anos (1.100 euros o primeiro ano, 1.200 euros o segundo e 1.300 o terceiro ano), no caso dos parados de longa duración, a bonificación será de 1.300 euros ao ano durante 3 anos e 1.500 euros se son paradas (mulleres). Conclusións: A reforma laboral é un normativa necesaria e valente, aprobada por un Goberno decidido a combater a taxa de cinco millóns de desempregados que herdou do PSOE. Flexibiliza un rixido mercado laboral no que non había marxe para que as empresas creasen emprego, estimula a autónomos e Pemes para contratar ao primeiro traballador, incentiva os contratos a mozos, fomenta a recolocación de traballadores que sufran un ERE, combate a fraude e a economía mergullada e consolida a formación. En definitiva, é a reforma que España necesita para crear emprego no momento que a economía despegue de novo. O PSOE non está lexitimado a criticar esta reforma laboral, despois de fracasar na que impuxo hai dous anos unilateralmente. A inercia do mercado laboral encamiñábase ao desastre, un caos froito da nefasta xestión socialista que o PP tenta atallar con esta reforma. Quen conduciu a España ao maior desemprego da súa historia non pode criticar nada. Asimesmo, que os nosos socios europeos nos feliciten pola reforma laboral é unha mostra máis de que é a normativa que España precisaba nun momento tan crucial para a nosa economía. O Goberno do PP está a gañar a confianza da Unión Europea e dos mercados, unha estabilidade que permite a España financiarse máis barato e atallar a crise da débeda á que nos arrastrou Zapatero.

O Sr. Millán, Voceiro do BNG, sinala que hai que recoñecer que a Concelleira do PP ensinou máis cousas que a Ministra de Traballo, que entreviú nos medios sen dicir nada. O resultado está aí. O PP segue defendendo o mesmo que antonte. Onte falaron millóns de españois, que fomos traballar e que non nolo van descontar, que acudían aos comercios a comprar... Semella que onte non pasou nada. Todos contentos ca reforma laboral do PP e con que se reduzan as indemnizacións por despido. O que se pagaba ata agora era un roubo comparados ca media de salarios europeos. Se con seiscentos cincoenta euros se pode vivir cómo nos atrevemos a pedir máis. Os pobres empresarios españois declaran que gañan mil euros ao mes. Os máis pobres de Europa. A folga é unha mostra de desagrado ás medidas do PP. Estamos nun vía crucis creado polos traballadores. Din que haberá setecentos mil parados máis a 31 de decembro. ¿Cando vai crear emprego a reforma laboral?. Esta reforma non está pensada para crear emprego, está pensada para facilitar o despido e crear parados. O despido incrementouse dende o 1 de xaneiro e nós vemos. En Moaña, no último ano, incrementouse en douscentos parados máis e aínda non empezou a ola de despedidos. Os empresarios teñen agora un Goberno que os defende. As conquistas laborais conseguidas con esforzo non se poden regalar nin pola crise nin polos beneficios de Botín. Non se poden votar abaixo en tres meses algo que se conseguiu en

cen anos. O máximo logro é o dereito de negociación colectiva. Esta reforma cargouse o dereito de negociación colectiva. Non tardaremos en que na praza de Moaña cheguen a tres mil seiscentos agardando a que pase a furgoneta para contratar a quen queira. É normal que o PP non o entenda. Sabemos que hai moita xente contenta. Os traballadores temos dereito a reclamar unhas condicións xustas e que se manteñan os dereitos salariais conseguidos con esforzo.

O Sr. Alcalde pregunta onde estivo o BNG estes oito anos. Apoiando as medidas de Zapatero. Dos millóns de persoas que apoiaron ao PP nas últimas eleccións non todos eran empresarios. Hai que arrimar o hombreiro e apoiar aos parados. Durante oito anos apoiastes as medidas de Zapatero. ¿Onde estades agora?.

O Sr. Millán afirma que o BNG apoiou ao PSOE. Podemos discutir con tranquilidade sobre as medidas aprobadas. O BNG apoiou ao PSOE cando o PSOE tiña unha pizca de progresismo. Quen deixou pasar a anterior reforma laboral e a reconversión bancaria foi o PP e o PSOE, que no fondo están de acordo na política económica, rexeitaron a dación en pago e agora apoian as políticas de Merkel. O BNG non apoiou os últimos orzamentos do PSOE. Pero sabemos distinguir que vota todo o mundo, tamén persoas con riqueza e coñecemento, e que tamén votan traballadores, como ao BNG tamén votan empresarios. Pero o PP goberna para bancos e empresarios. Vémolo no día a día. O PSOE, nos dous últimos anos fixo case o mesmo, pero sabemos distinguir. En calquera caso, se o PSOE quere meter no mesmo caso é problema del.

O Sr. Pastoriza sinala que coma resultado das políticas do PSOE os españois xa nos xulgaron. Non sabemos o resultado das políticas do BNG porque nunca aprobará ningunha. Teño grabada na memoria a moción do BNG onde defendía a fusión das caixas. Os aforros van rematar en China. O PSOE tomou medidas para relanzar a economía e os españois xa nos votaron.

O Sr. Millán afirma que a fusión bancaria foi un acordo entre Zapatero e Rajoy, con tres fases apoiadas polo PP. Foi denunciado polo PP que fixo o que tivo na man sen ter os datos dos que dispuñan os outros partidos. O BNG actuou sempre na defensa dos aforros dos galegos. O Presidente da Xunta sacou da manga o papel do Secretario de Traballo onde o plan era crear trinta mil postos de traballo con trinta millóns de euros, gañando cincuenta e cinco euros cada traballador. Sería máis ben trinta millóns de euros para catro mil catrocentos postos de traballo de cooperación local. O Presidente non se atreveu a recoñecer que se equivocara. Confirmouno no periódico. Fano mal como o PSOE, pero ademais minten.

Rematadas as intervencións, o Sr. Alcalde somete a votación a moción da C.I.G. sobre a reforma laboral, quedando rexeitada por sete votos a favor, dos Concelleiros do BNG, dúas abstencións, dos Concelleiros do PSG-PSOE e oito votos en contra, dos Concelleiros do PP.

O Sr. Pastoriza aclara que a abstención do seu Grupo ven provocada pola mención que se fai ao PSOE na exposición de motivos da moción.

## **9º.- MOCIÓN DA FEDERACIÓN DE AAVV A CHAMUSCA SOBRE A ÁREA METROPOLITANA DE VIGO.**

Dona Consuelo Nogueira Ríos, Presidenta da Federación de Asociacións de Veciños, A Chamusca, da lectura á moción:

“O Parlamento de Galicia está a debater en comisión a última versión da lei que regulará a futura AREA METROPOLITANA DE VIGO na que está incluído o concello de Moaña.

A Federación de AA VV, A Chamusca presentou alegacións no anteproxecto elaborado no ano 2010 sobre variados aspectos do mesmo e fixo un seguimento da evolución daquel texto orixinal ata o que agora se vai aprobar no pleno no Parlamento.

A Federación ven traballando intensamente nos últimos tempos no análise da mobilidade na comarca, das súas infraestructuras viarias e do transporte, nomeadamente sobre o terrestre por estrada e marítimo.

A Federación tamén observa con preocupación como o debate público sobre a Área Metropolitana está centrado en aspectos xerais como o papel da Deputación, o peso político dos Concellos ou sobre quen presidirá o futuro ente supramunicipal.

Ante a inminencia da aprobación da Lei pola actual maioría parlamentar e. na medida que o tratamento que se da ao transporte metropolitano non resolve, ao noso xuízo, os problemas do transporte en Moaña trasladamos ao Pleno da Corporación Municipal a seguinte cuestión:

*Artigo 21.- Transporte público de viaxeiros*

*1.- A Área metropolitana, neste ámbito competencial, exercerá as seguintes funcións:*

*a) **Ordenar, xestionar, planificar, inspeccionar e sancionar** os servizos de transporte público urbano de titularidade dos municipios que a integran, así como das concesións de carácter interurbano que atendan exclusivamente tráfico no ámbito da Área...*

*b) **Ordenar e intervir administrativamente** os servizos de transporte marítimo de persoas con orixe e destino nos municipios incluídos na área metropolitana, **consonte o disposto na lexislación vixente.***

*2.- A Xunta exercerá en exclusividade as competencias xerais previstas na lexislación sectorial sobre os servizos de transporte presentes na Área Metropolitana que teñan tráfico con puntos situados fóra do seu ámbito territorial. Os novos servizos metropolitanos deberán respectar a unidade económica dos servizos de competencia económica.*

Da literalidade do texto se desprende a exclusión da liña de autobuses Vilagarcía-Bouzas (da antiga empresa La Unión e hoxe de Mombús), por prestar un servizo interurbano fora do ámbito territorial da Área.

No canto do transporte de ría, ao limitarse a “**ordenar e intervir administrativamente**” **consonte co lexislación vixente**, significa manter exactamente as funcións e o sistema de prestación privada recollido na lei de maio e regulamento do ano 2008, que só prevé dun xeito adicional a posibilidade de que calquera empresa poda adherirse voluntariamente a convenios de colaboración coa Administración, sen que supoña obriga algunha de servizos, prezos nin itinerarios.

Por todo o exposto, solicitamos unha análise do texto e o seguinte acordo, no seu caso:

**Trasladar á Xunta de Galicia o rexeitamento da Corporación Municipal de Moaña ao contido do artigo 21 do proxecto de Lei da Área Metropolitana de Vigo, na medida en que non da resposta acaída aos problemas de transporte marítimo e terrestre do Concello de Moaña.”**

O Sr. Pastoriza, Voceiro do PSG-PSOE, sinala que este será uns deses entes do que Goberno fala de que aforra millóns de euros cando os pecha. É triste para os veciños de que a necesidade de trasladarnos á cidade para recibir servizos resulte máis caro que para os veciños da cidade ou case imposible. Haberá que valorar nun tempo por qué isto non saíu adiante, algo que de facto xa existe. Polo que sexa chega tarde, non se atreve ninguén a poñer nomes e apelidos ao problema, as concesións de servizos outorgadas polos concellos. Non lle vexo unha grande utilidade e máis cos atrancos de Concello de Vigo e Deputación. Imos apoiar esta moción agardando a que no momento que se poida crear a Área Metropolitana teña competencias absolutas en materia de transporte marítimo.

A Sra. Varela, Concelleira do PP, sinala que, da literalidade do texto se desprende a exclusión da liña de autobuses Vilagarcía-Bouzas, da antiga empresa La Unión e hoxe de Mombús, por

prestar un servizo interurbano fora do ámbito territorial da Área. No canto de transporte de ría, ao limitarse a ordenar e intervir administrativamente consonte coa lexislación vixente, significa manter exactamente as funcións e o sistema de participación privada recollido na lei de maio e regulamento do ano 2008, que só prevé dun xeito adicional a posibilidade de que calquera empresa poda adherirse voluntariamente a convenios de colaboración coa Administración, sen que supoña obriga algunha de servizos, prezos nin itinerarios. Por todo o exposto, solicitamos unha análise do texto e o seguinte acordo, no seu caso: Trasladar á Xunta de Galicia o rexeitamento da Corporación Municipal de Moaña, ao contido o artigo 21 do proxecto de Lei de Área Metropolitana de Vigo, na medida en que non da resposta acaída aos problemas de transporte marítimo e terrestre do Concello de Moaña. Apoiamos a moción.

D. Francisco Ferreira, Voceiro da Federación de AA.VV. “A Chamusca”, afirma que o PP introduciu un aspecto que non figura na moción. A Comisión rematou os traballos o 23 de marzo. Non recolle a proposta. Fala da integración do conxunto do transporte. Parece que é a solución. O problema é que o transporte de ría non é un servizo público que a Xunta puidera transferir. É unha concesión, un servizo privado. Poderíase propoñer convenios de colaboración cas empresas, subvencionando o billete. Esa non é a solución. A solución, a recoller nun regulamento de transportes sería recuperar o carácter público mediante lei. Houbo unha proposta de lei rexeitada polo PP. O Sr. Hernández ven decir que o servizo de transporte marítimo de ría préstase por empresas en réxime de libre mercado e competencia. O texto definitivo que sae da Comisión di ordenar o transporte consonte co disposto na lexislación vixente, un servizo privado sen obrigas. Onde di agora ordenar e intervir administrativamente, crear un rexistro cas empresas, adornan con flores a mesma proposta. Solo se poderá integrar cando se recupere a concesión. o transporte marítimo e terrestre queda encomendado a un futuro plan de transporte metropolitano. Preténdese solucionar un problema de financiamento cargando aos concellos con un servizo que debería corresponder á Xunta. O Concello de Vigo ten que financiar Vitrasa. O servizo debe ser barato e non se afronta o sistema de financiamento. A área metropolitana non incide nesa cuestión.

O Sr. Alcalde afirma que o transporte marítimo é fundamental. Temos que defender o transporte e usalo. Canto máis usemolo barco máis apostaremos polo servizo. Apoiamos a moción. O barco é necesario para traballadores e veciños. Sen votarse os trastos á cabeza. Para que o servizo siga aí temos que usalo barco.

Rematadas as intervencións sométese a votación a moción da Federación de AAVV A Chamusca sobre a área metropolitana de vigo a votación, aprobándose por unanimidade dos presentes co seguinte acordo:

UNICO.- Trasladar á Xunta de Galicia o rexeitamento da Corporación Municipal de Moaña ao contido do artigo 21 do proxecto de Lei da Área Metropolitana de Vigo, na medida en que non da resposta acaída aos problemas de transporte marítimo e terrestre do Concello de Moaña.

## **10º.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSG-PSOE CONTRA A REFORMA LABORAL.**

A Sra. Freire, Concelleira do PSG-PSOE, sinala que é mellor que a Concelleira do PP, Sra. Varela, non se colgue medallas polo seu bilingüismo, pasáronche os argumentarios en galego. Vostede solo leu o argumentario do seu partido sobre a reforma laboral. Unha reforma presentada por unha persoa do Goberno que nunca traballou, non me extraña que presentara esa reforma.

(Seguidamente, a Sra. Freire da lectura á moción):

**“Moción**



**O Grupo Municipal Socialista do Concello de Moaña solicita ó Pleno da Corporación que inste ao Goberno de España a retirar o Real Decreto- Lei 3/2012, do 10 de febreiro, de medidas urxentes para a reforma do mercado laboral e presente unha reforma laboral pactada cos axentes sociais.**

De acordo co previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o Grupo Municipal Socialista do Concello de Moaña desexa someter á consideración do Pleno a seguinte Moción:

### **Exposición de Motivos**

As disposicións contidas no Real Decreto- Lei 3/2012, do 10 de febreiro, de medidas urxentes para a reforma do mercado laboral, aprobado polo Goberno de España van a ter consecuencias moi negativas sobre os dereitos dos traballadores.

**1.-A Reforma pretende que o despido sexa a opción máis fácil para que unha empresa mellore a súa competitividade. A reforma traerá máis paro:** nun momento de recesión como o que estamos vivindo unha reforma laboral como esta, so serve para facilitar e abaratar o despido, para facilitar máis a destrución de postos de traballo, pero non para incentivar a contratación. Ademais está pensada por un Goberno que carece dunha axenda de reformas para impulsar o crecemento. O Goberno so ten unha axenda de axuste, de triplo axuste: axuste orzamentario, axuste nas rendas do traballo (subida do IRPF) e axuste nos dereitos dos traballadores.

**2.- A reforma supón un retroceso nos dereitos dos traballadores porque:**

- **Xeneraliza o abaratamento do despido a 20 días**, ao vinculala a unha situación habitual no ciclo recesivo da economía, como é a caída durante 3 trimestres dos ingresos (independentemente de que os beneficios aumenten).
- **Abre a porta a unha rebaixa xeral dos soldos sen necesidade de acordo.** A reforma laboral reforza o poder dos empresarios nas relacións de traballo. Terán mais doado modificar as condicións laborais ata o punto de que porán baixar o soldo aos traballadores sen necesidade de acordo simplemente por razóns de competitividade ou produtividade.
- **Crea un novo contrato con bonificacións que permite o despido libre e gratuito** durante o primeiro ano. Este contrato desvirtúa completamente o período de proba e pode provocar unha xeneralización de contratos formalmente indefinidos pero que, na práctica, non duran mais dun ano ou que conclúan ós tres anos cando finalicen as bonificacións.
- **Abre o camiño dos despidos colectivos no sector público.** Esta reforma afecta a un millón de empregados públicos, porque non solo incumbe a quenens traballan nas empresas públicas, senón tamén ao persoal laboral contratado directamente polos concellos, as comunidades autónomas ou os propios ministerios.

**3.- A Reforma anula a capacidade de negociación dos sindicatos para defendelos dereitos dos traballadores.**

Unha gran reforma laboral precisa do pacto dos axentes sociais para ser garantía de éxito. Esta reforma facilita o incumprimento do pactado nos convenios. Establecese un procedemento para saltarse o disposto nos convenios similar, pero máis fácil, que o que se pode usar para o despido por causas económicas. Suprime a autorización da autoridade laboral dos expedientes de regulación de emprego (ERE), co que se reduce seriamente a capacidade dos sindicatos á hora de negociar e se asume un risco engadido de xudicialización das relacións laborais.

En definitiva, **a Reforma laboral non vai resolver a grave crise que sofre a economía española e non vai a rebaixar a alta taxa de paro existente.** O que si vai supor é unha degradación das condicións de traballo, un empobrecemento da poboación e un ataque á cohesión social.

**A reforma vai a derivar nun incremento do número de despidos e rebaixas nos soldos dos traballadores que afectará moi negativamente ao consumo das familias,** deprimirá a demanda interna e en consecuencia producirá diminucións do Produto Interior Bruto que a súa vez suporá máis desemprego.

**A reforma é ineficaz dende a perspectiva do emprego, porque favorece o despido e con elo o aumento do desemprego.** É inxusta, porque os traballadores perden dereitos e porque da todo o poder aos empresarios sobre os traballadores creando ademais inseguridade nos traballadores.

**En base a todo o anterior, o Pleno Municipal do Concello de Moaña ACORDA:**

1. Instar ao Goberno de España a presentar no Congreso dos Deputados un proxecto de lei alternativo e pactado cos axentes sociais e as forzas políticas que teña como obxectivo a creación de emprego de calidade e a estabilidade no emprego.
2. Dar traslado da presente Moción ao Presidente do Goberno, á Ministra de Emprego, ó Presidente do Congreso dos Deputados, ós/ás Portavoces dos Grupos Parlamentarios do Congreso dos Deputados e aos/ás representantes dos axentes sociais.”

Finalmente a Sra. Freire sinala que espera que aos traballadores do PP non se lles aplique.

A Sra. Varela, Concelleira do PP, sinala que ve que a lectura da Sra. Freire é tan boa como a súa.

A Sra. Freire responde que leu a moción e a Sra. Varela o argumentario.

O Sr. Alcalde sinala que ao mellor se esqueceron da redución do 5% do soldo dos funcionarios, da conxelación das pensións ou da eliminación do cheque bebé. A reforma iniciouna o Sr. Zapatero con datos coñecidos. Marta. Vouche pasar as cifras de paro dende que Zapatero accedeu ao Goberno e as cifras de cando rematou.

A Sra. Freire di que o Sr. Zapatero xa foi xulgado polas medidas que tomou e non tomou. Sobre isto que lin, ¿é mentira?.

O Sr. Alcalde di que lle vai pasar a táboa. En cen días non se manda ao paro a ninguén. Hai que darlle unha oportunidade a este Goberno. As medidas hai que tomarlas.

O Sr. Millán, Voceiro do BNG, pide unha cuestión de orde, as intervencións debe rematalas o propoñente da moción.

O Sr. Alcalde responde que o que o Sr. Millán quere é rematar de último e interromper o debate.

A Sra. Freire di que o Sr. Alcalde, polo que parece, coñece máis o que fixo o Sr. Zapatero que o contido da súa reforma.

Non se suscitan outras intervencións polo que o Sr. Alcalde somete a votación a moción do Grupo Municipal do PSG-PSOE contra a reforma laboral, quedando rexeitada por dous votos a

favor, dos Concelleiros do PSG-PSOE, sete abstencións, dos Concelleiros do BNG, e oito votos en contra, dos Concelleiros do PP.

### **11º.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG DE APOIO Á INICIATIVA LEXISLATIVA POPULAR PARA A DEFENSA E PROMOCIÓN DA SANIDADE PÚBLICA EN GALIZA.**

A Sra. Martínez, Concelleira do BNG, fai unha exposición da moción que presenta o seu Grupo e a continuación procede á súa lectura:

#### **“MOCIÓN DE APOIO Á INICIATIVA LEXISLATIVA POPULAR PARA A DEFENSA E PROMOCIÓN DA SANIDADE PÚBLICA EN GALIZA**

A *Plataforma SOS Sanidade Pública* está a promover unha Iniciativa Lexislativa Popular (ILP) coa finalidade de deter a política de recortes e privatizacións da Sanidade Pública impulsada polo actual Goberno Galego e co fin de garantir o dereito constitucional á protección da saúde dos galegos e galegas.

O artigo 43 da Constitución reconece o dereito á protección da saúde, correspondendo aos poderes públicos organizaren e tutelaren a saúde pública, mediante as medidas preventivas, as prestacións e os servizos necesarios. É competencia do Goberno da Xunta de Galiza, o desenvolvemento lexislativo e a execución da lexislación básica do Estado en materia de sanidade interior, así como en materia de Seguridade Social, excepto as normas que configuraron o seu réxime económico.

A sanidade pública constitúe -xunto co ensino e os demais servizos públicos- un elemento básico do Estado Social e un claro indicador de equidade e solidariedade. Nas últimas décadas, porén, estes principios aparecen cuestionados por unha campaña neoliberal de ataque e desmantelamento dos sistemas públicos de saúde. A decisión de combinar unha redución do orzamento sanitario co recurso ao sector privado para construír, restaurar, equipar e xestionar os centros sanitarios leva ao sistema a unha situación de limitación dos recursos necesarios para o mantemento da actividade dos servizos, e a un grao de endebedamento incompatíbel co sustento do sistema público, cando menos nas condicións actuais de universalidade e gratuidade no momento do uso, e que garanten a accesibilidade á atención de saúde e condicións equitativas para toda a poboación.

A finalidade da proposición de Lei, presentada pola *Plataforma SOS Sanidade Pública* vía iniciativa popular, é frear esa tendencia privatizadora mediante a defensa e promoción da sanidade pública galega como garantía para a efectividade do dereito constitucional á protección da saúde.

Así pois, a proposición de Lei opta expresamente pola xestión pública directa das institucións sanitarias do Sistema de Saúde de Galiza, na liña histórica marcada pola Lei 14/1986, do 25 de abril, Xeral de Sanidade. Rexéitanse así as fórmulas de colaboración público-privada (private finance initiative ou concesión de obra pública), que en países do noso contorno produciron un contrastado empeoramento da calidade asistencial e un enorme aumento dos custos sanitarios.

A proposición de Lei pretende tamén mellorar o servizo público prestado á cidadanía incrementando a capacidade resolutiva en atención primaria como instrumento de achegamento dos servizos de saúde ao territorio e que terá unha grande incidencia na redución dos tempos de espera hospitalaria.

Finalmente, a proposición de Lei configura un sistema de xestión descentralizado territorialmente, promovendo a autonomía das áreas sanitarias, sen que isto supoña a renuncia a decisións centralizadas sobre cuestións concretas que melloren a efectividade das decisións.

Polo exposto, solicitamos do Pleno da Corporación Municipal a adopción dos seguintes

#### **ACORDOS**

**PRIMEIRO- Manifestar o apoio da Corporación municipal á Iniciativa Lexislativa Popular impulsada pola Plataforma SOS Sanidade Pública e dar traslado do mesmo á presidenta do Parlamento de Galiza, portavoces parlamentares e presidente da Xunta de Galiza.**

**SEGUNDO- Animar aos veciños e veciñas do noso concello a colaborar con esta iniciativa.**

**TERCEIRO- Instar á Xunta de Galiza e á Consellaría de Sanidade a garantir a Sanidade Pública como servizo universal, gratuíto e de calidade e a manter a xestión pública e directa do Sistema de Saúde de Galiza.”**

A Sra. Maya, Concelleira Delegada de Servizos Sociais, sinala que é un tema importante para empregar a demagoxia como arma política. Xa hai demasiados problemas na sociedade par alarmala máis. O PP defendeu e defenderá sempre o carácter público da sanidade galega. Falaron de recortes e podo enumerar servizos que melloraron servizos nos últimos anos, sintrón, mamografías... Creo que convén lembrar ao BNG que foi precisamente o Goberno do PP na Xunta o que iniciou a implantación do modelo de descentralización do sistema sanitario galego en áreas, cunha xestión integrada, xerencia única de área, un único xerente para hospitais-ambulatorios e atención primaria, comenzando na área de Ferrol. Durante os catro anos de Bipartito este modelo quedou, totalmente parado, sen conseguir implantalo en ningunha área. Foi de novo cun Goberno na Xunta do PP co que podemos ver ese mesmo modelo implantado xa na área da Coruña e en fase de desenvolvemento na área de Santiago. É unha mágoa que o BNG non se acordase durante os catro anos de Bipartito de reivindicarlle aos seus compañeiros de partido este modelo. En Moaña, sen ir máis lonxe, o traslado do local do médico de Meira, ao que tanto se opuña o BNG, conseguiuase co PP e tras oito anos de Bipartito sen centro de saúde é agora cando xa hai un compromiso do Concello para poñer os terreos a disposición da Consellería. Corríxanme se me equivoco pero ninguén paga nada, a sanidade pública é gratuíta. Por favor, este é un tema serio, non para provocar a hilaridade. Non sei a qué ven este jolgorio.

O Sr. Millán, Voceiro do BNG, pide a palabra.

O Sr. Alcalde di que debe responder o Concelleiro que presentou a moción.

A Sra. Martínez afirma que deu claro exemplo cando leu a moción da tendencia privatizadora do PP e da cuestión do copago leva saíndo nos medios os últimos catro meses. A Concelleira falaba do sintrón, das mamografías cando é unha herdanza do Goberno anterior. O servizo do médico de Meira xa existía. Non vemos agora o que antes reclamaban, que puxeran un pediatra de tarde.

O Sr. Millán di que o problema de Moaña é o pediatra.

O Sr. Alcalde di que o Sr. Millán non ten o uso da palabra.

A Sra. Riobó, Concelleira do BNG pide respecto aos Concelleiros. Que non nos insulten falando de jolgorio.

A Sra. Martínez di que respecto do centro de saúde de Moaña, a Concelleira falaba de compromisos pero oficialmente non hai nada.

Rematadas as intervencións o Sr. Alcalde somete a votación a moción do Grupo Municipal do BNG de apoio á iniciativa lexislativa popular para a defensa e promoción da sanidade pública

en Galiza, aprobándose por nove votos a favor, sete dos Concelleiros do BNG e dous dos Concelleiros do PSG-PSOE, e oito abstencións, dos Concelleiros do PP, cos seguintes acordos:

PRIMEIRO- Manifestar o apoio da Corporación municipal á Iniciativa Lexislativa Popular impulsada pola Plataforma SOS Sanidade Pública e dar traslado do mesmo á presidenta do Parlamento de Galiza, portavoces parlamentares e presidente da Xunta de Galiza.

SEGUNDO- Animar aos veciños e veciñas do noso concello a colaborar con esta iniciativa.

TERCEIRO- Instar á Xunta de Galiza e á Consellaría de Sanidade a garantir a Sanidade Pública como servizo universal, gratuíto e de calidade e a manter a xestión pública e directa do Sistema de Saúde de Galiza.

## **12º.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG SOBRE EXECUCIÓN DE OBRAS NO VIAL DESDE A MASANDÍA Á PO 551 (TIRÁN).**

O Sr. Rodas, Concelleiro do BNG, afirma que traen a moción sobre estas obras porque pasou un ano dende que se asinou o convenio e o Goberno Municipal leva nove meses e o vial solo serve para emitir notas de prensa e sacar fotos. As cousas non están nada claras. En setembro trasladaron á prensa o problema de que a máquina non entraba. A primeira proposta era de unha soleira en tacón. Houbo unha reunión cos veciños de Tirán para ver se se apoiaba, se rexeitaba ou se facía unha escolleira. Ao final concluíron que o problema do vial era de tráfico. Que o problema era para os residentes e falaban de facer unha dirección nun sentido. A proposta máis ambiciosa pasaba por facer un paseo marítimo e un carril bici. Un mes máis tarde voltaron a debater as mesmas propostas. Veuse que a intención do Alcalde era facer un carril bici e peatonal ao longo da costa de Tirán. A principios de ano descartaron a proposta electoral. Chegaron a unha solución mixta, con pilotes e escolleira. Levamos nove meses e aínda non hai unha proposta clara, solo a confirmación palpable de que están a liar a madeixa. Aínda haberá algunha nova sorpresa.

(O Sr. Rodas lee a moción):

## **“MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO B.N.G. SOBRE EXECUCIÓN DE OBRAS NO VIAL DESDE A MASANDÍA Á PO-551 (TIRÁN)**

O anterior goberno municipal promoveu en 2009 a redacción dun proxecto para a mellora do vial que une O Con coa PO-551 a través da Masandía e O Igrexario, en Tirán. O proxecto, valorado en 218.072, 35 €, incluíuse na terceira anualidade do Programa de Investimentos da Deputación de Pontevedra (2009-2011), polo que debería executarse durante o ano 2011.

O proxecto redactado e financiado implicaba o asfaltado do vial en toda a súa lonxitude, a ampliación naqueles tramos en que puidera acometerse a obra sen importantes custes de reposición, a consolidación do vial no tramo entre a Masandía e a baixada á praia do Río da Ribeira, nunha zona de cantil con perigo de desprendemento, e a restauración da baixada á igrexa de Tirán, utilizando materias nobres.

Tras o correspondente proceso de contratación, a Deputación Provincial adxudicou a obra á empresa Sercoysa Proyectos y Obras, S.A., con data 24 de febreiro de 2011, cun prazo de execución de 8 semanas a contar da data de sinatura do contrato e da acta de replanteo. A Deputación e a empresa adxudicataria asinaron o contrato administrativo o 8 de marzo, pero ata a data non chegou a asinarse a acta de replanteo, o que constitúe unha grave informalidade administrativa.

Tras as eleccións municipais de maio, o actual goberno municipal, en lugar de esixir a inmediata execución dos traballos, iniciou unha absurda campaña de desprestixio do proxecto adxudicado, baseándose nunha suposta imposibilidade técnica para meter na obra maquinaria de pilotaxe, sen que conste nin no expediente administrativo da Deputación nin no Concello ningún informe técnico que avale ese extremo. Ao mesmo tempo, o goberno local lanzou a idea peregrina de construír un carril bici que unise todas as praias e rodease a costa de Tirán. Sobre este fantástico e innovador proxecto non temos máis que un par de bocetos feitos a man alzada que nos permiten comprobar que o carril-bici iría nun bo tramo sobre a ría, sen pilotaxe, nunha cota sostida, o que nos fai tamén adiviñar que non tería nin principio nin final.

Como elemento fundamental para tan extraordinario proxecto de enxeñería, o goberno municipal propuxo como tramo piloto o pequeno tramo (aproximadamente 75 metros) da Masandía onde se facía necesario asegurar o cantil. Pretendía converter un tramo de vial de aproximadamente 3,50 metros de ancho nun vial de 8 metros, con beirarrúa a un lado e carril-bici ao outro. Dado que na marxe de terra os cerramentos están consolidados, cabe supoñer que os 4,50 que faltan se conseguirían mediante un amplo balcón sobre a ría... sostido no aire, posto que o presuposto inicial do cambio da obra era a imposibilidade de pilotar.

O último boceto presentado –este feito xa con regra, escadra e cartabón, mais sen memoria técnica nin orzamento- propón, segundo información da Concelleira de Urbanismo aos medios de comunicación, construír un tramo enriba de muro, o que provocará un impacto visual inasumible, por dentro da liña de deslinde do dominio público marítimo-terrestre, o que esixirá a tramitación dunha autorización administrativa que Costas dificilmente poderá conceder.

Cunhas cousas e outras –propostas de escolleira incluídas- e sen que ninguén asinase ata o momento nin un só documento (nin acta de replanteo negativa, nin informes sobre imposibilidade técnica de execución do proxecto licitado, nin proxecto técnico alternativo), transcorreron xa trece meses desde a adxudicación, rematou o prazo de execución ofertado pola empresa (2 meses) e rematou o período de vixencia do Programa de Investimentos 2009-2011 sen que na Deputación Provincial conste información de ningún tipo sobre a obra.

Con estes antecedentes, tendo en conta que se superaron todos os prazos contractuais habidos e por haber, que o Concello se arrisca, de non executarse a obra de forma inmediata, a perder o financiamento concedido; tendo en conta que o goberno municipal, por razóns inexplicables pero que rozan o capricho, está disposto a retrasar aínda máis as obras e meterse nunha aventura administrativa que non temos claro como pode rematar, o grupo municipal do BNG propón ao Pleno da Corporación a adopción do seguintes

#### **ACORDOS:**

1.- Dirixirse á Deputación Provincial de Pontevedra para esixir o inicio inmediato das obras de “Acondicionamento do vial que une o barrio do Fiunchal coa PO-551-Tirán-Moaña”, incluído no PID 2009-2011, de acordo co proxecto redactado polo enxeñeiro Hadrián Arias Durán, aprobado pola Xunta de Goberno Local do Concello de Moaña e pola Deputación Provincial de Pontevedra.

2.- Que por parte da Deputación Provincial se requira á empresa adxudicataria a sinatura da acta de replanteo e inicio das obras e, de non facelo nos prazos fixados, se inicie a resolución da adxudicación e se adxudique novamente á empresa 2ª valorada. De ser negativa a acta de replanteo e inicio dos traballos, que se dea conta ao goberno municipal e á Corporación das causas que impiden a execución das obras e se xustifiquen as circunstancias sobrevindas

posteriores á adxudicación, e que en ningún caso poden argumentar as características técnicas da obra, posto que estas eran coñecidas xa polo adxudicatario en calidade de licitador.

3.- Dar traslado deste acordo á Presidencia e Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra, así como a todos os grupos provinciais.”

A Sra. Varela, Concelleira Delegada de Urbanismo, di que pode ver que o Sr. Rodas ten previsións de futuro. Estamos a falar de un vial perigoso. Queremos melloras, fomentar o diálogo, dar seguridade e asegurar o financiamento das obras. Mellorar co carril bici, ca senda peonil... O que faga falta e nos pidan os veciños. ¿Campaña de desprestixio?. Fomentamos o diálogo, ¿alternativas?, hai que valorar cal é a mellor opción, ¿financiamento?, estudamos as posibilidades que hai, non periga o financiamento, sempre garantindo a mellor opción para o vial.

O Sr. Pastoriza, Voceiro do PSG-PSOE, sinala que está seguro que o anterior Goberno Municipal fixo o que tiña que facer. Contratou un proxecto técnico. É inexplicable os cambios no proxecto, que implican ao dominio público e ao talud. Inexplicable os cambios no proxecto e que nas comisións informativas non nos faciliten información e nos teñamos que enterar polos medios. Non se entenden estes bandazos, estase a actuar con frivolidade.

O Sr. Rodas afirma que este Goberno leva nove meses. É un despropósito. É a obra máis importante do PSA-2011. Ten varias complicacións pero a seguridade dese tramo ven avalada por un estudo xeotécnico que fai a proposta viable. Levan nove meses inventando. Esixan a execución. Dixeron que ían falar cos veciños pero non explicou ningún compromiso. O único que fixeron foi liar a dous arquitectos. Hai unha serie chanchullos. Solo aportan notas de prensa e paseos pola zona. Vano liar máis. Pretenden que afecte a dominio público, van a acabar liándoa. É importante apoiar a moción para trasladalo á Deputación e tomar cartas no asunto. Ao mellor temos que trasladar esta cuestión ao noso grupo na Deputación.

A Sra. Varela di que para eles algo que afecta á vida da xente non é unha chanchullada. Hai dúas casas próximas, ás que se lle poden causar prexuízos. Debemos escoitar aos veciños e agora non vemos problemas no financiamento. De habelos tomaranse medidas.

O Sr. Rodas pregunta se o PP vai apoiar a moción.

A Sra. Varela responde que por suposto.

O Sr. Alcalde afirma que se imaxina que o BNG trae as mocións a Pleno para que llas aproben.

O Sr. Millán, Voceiro do BNG, sinala que presentan a moción para que se investigue a obra na Deputación.

O Sr. Rodas di que cando falou de chanchullos era porque non consta acta de replanteo no expediente. A empresa di que non se estendeu por problemas que plantexou o Concello. Ao final aparece a acta asinada a 30 de marzo de 2011 especificando que non se presentan autorizacións pertinentes. Ademais quen asina a acta, o Director de Obra, non se atopaba entón no estado español. Chanchullos neses nove meses.

Rematadas as intervencións o Sr. Alcalde somete a votación a moción do Grupo Municipal do BNG sobre execución de obras no vial desde a Masandía á PO-551 (Tirán), aprobándose por unanimidade dos Concelleiros asistentes xunto con estes acordos:

1.- Dirixirse á Deputación Provincial de Pontevedra para esixir o inicio inmediato das obras de “Acondicionamento do vial que une o barrio do Fiunchal coa PO-551-Tirán-Moaña”, incluído no PID 2009-2011, de acordo co proxecto redactado polo enxeñeiro Hadrián Arias Durán, aprobado pola Xunta de Goberno Local do Concello de Moaña e pola Deputación Provincial de Pontevedra.

2.- Que por parte da Deputación Provincial se requira á empresa adxudicataria a sinatura da acta de replanteo e inicio das obras e, de non facelo nos prazos fixados, se inicie a resolución da adxudicación e se adxudique novamente á empresa 2ª valorada. De ser negativa a acta de replanteo e inicio dos traballos, que se dea conta ao goberno municipal e á Corporación das causas que impiden a execución das obras e se xustifiquen as circunstancias sobrevindas posteriores á adxudicación, e que en ningún caso poden argumentar as características técnicas da obra, posto que estas eran coñecidas xa polo adxudicatario en calidade de licitador.

3.- Dar traslado deste acordo á Presidencia e Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra, así como a todos os grupos provinciais.

### **13º.-ROGOS E PREGUNTAS.**

O Sr. Ferreira, Voceiro da Federación de AA.VV. “A Chamusca”, afirma que a Xunta Xestora da asociación de veciños, pediu por escrito que antes de calquera modificación do proxecto se informe aos veciños.

O Sr. Alcalde afirma que o PP non paralizou a obra, foron os veciños de Tirán, que querían un carril bici e un paso peonil. Nós non queremos retrasar nada, todo o contrario.

Non habendo máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde levanta a sesión sendo as vintetrés horas e quince minutos do expresado día.

Autorízase a presente acta ca firma do Sr. Alcalde e do Secretario que da fe.

**Vº PRACE**  
**O ALCALDE**

**O SECRETARIO**